

“Ante o cambio climático, hai que repensar a relación co coche e a alimentación”

Defende o papel individual da sociedade e pide máis compromiso ás Administracións

A. G. T. nsalberit
OURENSE


Os últimos informes publicados polo grupo de expertos en Medio Ambiente da ONU sinalan a necesidade imperiosa de implantar a curto prazo medidas urxentes e sobre todo drásticas para evitar as peores consecuencias do cambio climático. Informa de modificacións no clima nos últimos anos e nalgúns casos supoñen danos “irreversibles” como o desxeo e o ascenso do nivel do mar. Tamén en vagas de calor e calor extrema, que se sinten nalgúns casos na provincia de Ourense. Juan Antonio Añel, profesor titular da Física da Terra e investigador do grupo EPhysLab, fala do aumento da temperatura media do planeta, dos fenómenos máis locais e tamén de accións individuais que poden ser importantes de cara a loitar co cambio climático.

—A Antártida ven de rexistrar temperaturas 40 grados por riba do normal dun mes de marzo. Que outros fenómenos ou condicións se visibilizan máis por mor do cambio climático?

—A resposta vai ser moi galega, pero realmente depende. Se algo caracteriza ó cambio climático é que, se ben hai cousas que se miden no global, como o aumento da temperatura media do planeta, en canto a meteoroloxía a visualización é algo rexional, e hai moitos impactos distintos. É notorio o aumento de episodios de meteoroloxía extrema por todo o planeta. Estamos a falar de inundacións, vagas de frío ou de calor, noites máis quentes e por exemplo a tendencia á desaparición da primavera e outono en favor de tan só dúas, inverno e verán. Isto está ben documentado para as nosas latitudes por exemplo.

—Hai algún cambio no tempo que se poda apreciar na provincia de Ourense?

—Os eventos de temperaturas moi altas van en aumento na provincia de Ourense, que ademais rexistra máis da metade dos que se dan en Galicia. Ademais cada vez duran máis; cara o ano 2060 prevese que cada vaga dure uns catro días máis. Os días e noites cálidos tamén van en aumento. O patrón da choiva ó que estábamos acostumados no século pasado está a cambiar, con períodos de seca e precipitacións máis intensas e concentradas. Isto último pode ser moi perxudicial



Juan Antonio Añel, profesor titular da Física da Terra, na Universidade de Vigo. // Fdv

para as colleitas.

—Aínda segue habendo xente, que a pesar dos datos científicos, nega o cambio climático. É unha corrente ou son casos aislados?

—Non, nin sequera aquelas opinións máis extremas negan xa a evidencia do cambio climático. Isto é un fenómeno ben coñecido, empezas negando algo e cando a evidencia che da nos focos pasas a por exemplo dicir que non está causada pola actividade humana. A seguinte fase é aceptar que é de orixe humano pero tentar parchear o problema, inventarse solucións inviables na práctica para tentar non cambiar o teu modo de vida. A ciencia e evidencia son inapelables. Isto é como tirarse o vacío, non vas flotar no aire

por moito que negues que existe a gravidade. O que hai entre a poboación é unha gran falla de información e cultura sobre o que é o cambio climático, as súas causas e falta de consciencia do perigo que representa. Isto responde a que hai que comunicar moito máis e mellor.

Tamén a que nos resistimos a sacrificar moitas comodidades. O

FICHA PERSOAL

■ Juan Antonio Añel Cabanelas é profesor titular de Física da Terra na Universidade de Vigo en Ourense e tamén e investigador do grupo EPhysLab. Na súa faceta investigadora estudia os impactos do cambio climático, as enerxías renovables, a meteoroloxía extrema e a sustentabilidade, entre outras ramas das ciencias naturais.

10% dos fogares máis ricos emite o 40% das emisións responsables do cambio climático, o 40% de fogares que gañan máis da media emite outro 45%. Resistirse a asumir a culpa propia, negar a evidencia e mirar para outro lado é algo que ocorre en moitos ámbitos. O problema é cando alguén nos di o que nos gustaría escoitar, inda que sexa mentira e tenta usar esas pulsións que todos temos para ter por exemplo un beneficio político. É unha cuestión de aceptación, temos que ter un comportamento adulto e facer caso da ciencia, que de tantas cousas malas nos libra a diario.

—Existe unha procrastinación política en canto a combatir este fenómeno. Cumpliránse os obxectivos pactados no acordo

de París?

—Non temos unha boliña de cristal, pero o informe do grupo III do IPCC que acaba de saír di que temos moi pouca marxe. En tan só tres anos temos que empezar a diminuír de xeito constante e acusado as emisións de dióxido de carbono. Son verbas que non gusta escoitar porque afecta a sectores críticos da nosa economía, pero no noso país pasa por cambiar de xeito drástico a concepción e uso que facemos do transporte, pola electrificación da flota, por un maior uso do teletraballo evitando desprazarse a diario, por reformar as vivendas para manter o mesmo confort ou mellor gastando menos enerxía e por un aumento drástico das instalacións de enerxías renovables.

—Por que costa tanto as Administracións do Estado implantar medidas para mellorar a situación e cumprir os obxectivos?

—Esto é unha pregunta para aqueles que xestionan. Todas estas medidas é obvio que teñen un custo económico. Ningunha administración ou responsable está en contra de mellorar o no-

so medioambiente, porén penso que non está convenientemente interiorizada a urxencia de poñer os cartos nestas cuestións. Entre outras porque o custo económico de non facer nada está de sobra probado e calculado que é moito maior. Invertindo hoxe aforros, evitaremos pagar reconstrucións, dar axudas por declaracións de zonas catastróficas, etc.

—Temos unha clara dependencia das enerxías fósiles e a sensación e que os avances nas renovables non dan chegada. Por que esa dependencia? Por que tan poucos avances?

—Esta pregunta é moi complexa. Sobre as fósiles levamos dende a revolución industrial vivindo en base a elas e a sociedade está adaptada a iso. Sempre é difícil cambiar. Sobre as renovables non é así, os avances nos últimos anos son enormes. O custo das mesmas caeu drásticamente, é case anecdótico nalgúns casos e a súa adopción está a medrar constantemente.

—Dende a ONU, Inger Andersen (directora executiva da ONU para o Medio Ambiente) di que “non é un retrato bonito” tralo informe do IPCC (grupo de expertos sobre o cambio climático). Que planeta lle quedará á xeración Thunberg?

—Hai que chamar a atención sobre varias cuestións ante esta pregunta. Que unha das problemáticas do cambio climático é que é interxeracional, que van sufrir máis os nosos fillos ca nós, é certo. Porén, estamos nun punto no que o manido discurso das xeracións vindeiras non ten sentido, xa estamos a sufrir un clima moito peor e as súas consecuencias ecolóxicas, non podemos seguir a pensar so sobre a próxima xeración. E por certo, Greta Thunberg non está moi separada xeracionalmente de boa parte da poboación, ten 19 anos.

—Fálase das accións individuais da cidadanía e o compromiso social para minimizar o cambio climático. De que accións estamos a falar? Como inflúen realmente?

—Eu son dos que pensa que todas. Coñezo poucas persoas que poñan por diante a sostiabilidade no seu consumo diario ou que sacrifiquen calquera outra comodidade por elo. E moita xente non ten capacidade económica para elo, pero outra moita sí. Ademais, algunhas accións non requiren enerxías renovables.

un gasto maior. Temos que repensar a nosa relación co coche, tentando usalo menos ou incluso non ter un se se pode, ca alimentación, consumindo menos carne, pero todo elo sobre todo pola mensaxe que damos con elo. Eo mellor que podemos facer, cando toque votar non facelo a quen non priorice de xeito claro as políticas contra o cambio climático.

“A tendencia é a desaparición da primavera e outono, en verán e inverno”

“Ourense rexistra a metade das altas temperaturas que se dan en toda Galicia”